

# Manual de contratación e avaliación dos Servizos de prevención alleos no sector dos áridos de Galicia

Elaboración



ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS

Co financiamento de



**XUNTA  
DE GALICIA**

Nº Depósito Legal: C 1622-2014



# ÍNDICE

---

Presentación.....	4
Introdución.....	5
Principais cuestións a resolver.....	6
1. Selección do SPA e formalización do concerto.....	7
1.1. Solicitude e valoración de ofertas de servizos.....	7
1.2. O concerto do Servizo de Prevención Alleo.....	9
1.2.1. Concertos de prevención parciais ou integrais.....	11
1.2.2. Duración dos concertos.....	11
1.2.3. Alcance.....	12
1.2.4. Exclusiones.....	13
1.2.5. Compromisos adquiridos na concertación.....	14
1.2.6. Condicións económicas.....	16
2. Elementos e forma de seguimento do SPA.....	17
2.1. As visitas dos técnicos de prevención do SPA.....	19
2.1.1. O número de visitas e a súa periodicidade.....	19
2.1.2. Forma de realización da visita.....	19
2.1.3. Importancia do interlocutor da empresa co SPA.....	20
2.2. Requisitos dos informes técnicos.....	20
2.2.1. Contido dos informes.....	20
2.2.2. As referencias a normas legais ou técnicas.....	22
2.3. O enfoque das medidas preventivas.....	23
3. O balance anual de resultados co SPA e a programación anual da actividade preventiva.....	25
Anexos.....	26
Anexo 1 Ámbitos de actuación da actividade sanitaria.....	27
Anexo 2 Lista de actividades preventivas por especialidades.....	28
Anexo 3 Datos imprescindibles do contrato co SPA, servizos que se poden contratar.....	30
Anexo 4 Memoria de actividades do servizo de prevención na empresa.....	32
Anexo 5 Instrucción técnica complementaria 2.0.02.....	35
Anexo 6: Formación dos traballadores.....	37
REFERENCIAS.....	40

# Presentación

---

Cando se recorre á contratación dun servizo de prevención alleo, non estamos ante a cesión das responsabilidades. Recórrese a un servizo técnico externo para recibir un servizo de asesoramento e apoio no control e xestión dos riscos laborais.

Para cumprir coas responsabilidades empresariais en materia de seguridade e saúde é necesario dispoñer ou adquirir criterios para a contratación e valoración da calidade das actuacións do Servizo de Prevención Alleo, así como para coñecer o alcance das actuacións da empresa e do Servizo de Prevención Alleo nesta materia.

Esta guía contribúe a destacar os aspectos claves na contratación e no seguimento das actuacións do Servizo de Prevención Alleo para unha eficaz xestión e unha eficaz integración da xestión preventiva, todo iso baixo o prisma necesario da especificidade do sector dos áridos, cunha lexislación propia.

A Asociación Galega de Áridos, co financiamento da Consellería de Traballo e Benestar, a través da súa Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, elaborou esta guía consciente de que a calidade das actuacións do Servizo de Prevención Alleo é un elemento imprescindible na integración da seguridade e saúde laboral na empresa, e ata a data detectáronse varias deficiencias comúns no sector extractivo, independentemente de que ou quen preste o servizo.

Manuel Cortés López  
Presidente da Asociación Galega de Áridos

# Introducción

---

Tras os cambios normativos producidos nos últimos anos, e as deficiencias observadas tanto nos documentos de seguridade e saúde, coma nas xornadas realizadas cos técnicos responsables das empresas, a Asociación Galega de Áridos decidiu elaborar este manual para informar as empresas galegas do sector dos áridos sobre como optimizar a eficacia e calidade das actividades contratadas co Servizo de Prevención Alleo (en diante SPA)<sup>1</sup>.

Ao ser a modalidade de Servizo de Prevención Alleo a modalidade organizativa preferentemente elixida polo tecido empresarial<sup>2</sup>, o principal defecto encontrado é a aplicación por parte dos SPA da lexislación e regulamentación do sector da construción, de forma que o servizo non cumpre coa normativa específica do sector extractivo, a cal vai dende o Real decreto 1389/1997, do 5 de setembro, polo que se aproban as disposicións mínimas destinadas a protexer a seguridade e a saúde dos traballadores nas actividades mineiras, ata as diferentes instrucións técnicas complementarias, as cales desenvolven os contidos do documento de seguridade e saúde, itinerarios formativos, frecuencias de mostraxe etc.

Por iso, establécense unhas liñas mestras para poder fixar as obrigas do SPA que se van contratar, de forma que o traballo desenvolvido, á marxe de cumprir coa normativa, permita aumentar as marxes de seguridade nos centros de traballo, reducindo os perigos e riscos para a saúde dos traballadores, á vez que se establecen planificacións de longo recorrido da actividade preventiva.



### Principais cuestións a resolver:

- ¿Que criterios hai que utilizar para seleccionar un SPA?
- ¿É necesario designar un interlocutor interno na empresa para que actúe de coordinador e canle de comunicación cos SPA?
- ¿Que non podo ou podo esixir ao SPA -alcance e exclusións do concerto-?
- ¿E como se efectúa a valoración do grao de cumprimento do concerto formalizado co SPA?
- ¿Que requisitos debe cumprir a planificación da actividade preventiva?
- ¿E que debe conter un programa de vixilancia da saúde na empresa?
- ¿Que se quere dicir con calidade nos informes, rigor técnico, utilidade etc.?
- ¿E que outros aspectos poden servir para a selección dun SPA?

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo<sup>3</sup> destaca os seguintes aspectos en relación aos servizos de prevención alleos:

- Son entidades que centran o seu servizo no asesoramento e na execución das actividades preventivas, cuxa realización require os coñecementos especializados dos que carece a empresa -e dispón o SPA-.
- Son entidades que asesoran o empresario, os traballadores, os representantes dos traballadores e os órganos de representación especializados -deben participar como «responsable técnico da prevención» nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde, «sempre que así o solicite algunha das representacións no comité», segundo se indica no artigo 38.2 da LPRL<sup>4</sup>.
- Son entidades que facilitan a integración da prevención de riscos laborais na empresa, aínda que non eximen da responsabilidade empresarial de incluír a prevención de riscos laborais en calquera actividade que se realice ou decisión que se tome. Esta obriga de integración da prevención debe distinguirse da actividade especializada que desenvolve o SPA. Ambos os dous tipos de actividade son necesarios e complementarios, xa que ambas as dúas conforman o que se denomina a «acción preventiva na empresa».

# 1. Selección do SPA e formalización do concerto

---

## 1.1. Solicitude e valoración de ofertas de servizos

A relación contractual da empresa cun SPA comeza coa firma dun contrato denominado concerto de prevención. Antes de proceder á firma é aconsellable valorar máis dunha proposta.

Para acertar na elección dun SPA e para contrastar que se axuste ás necesidades da empresa, a primeira acción é solicitar ofertas a diversos SPA, para o cal se deberían seguir os seguintes pasos:

1. Dispoñer da lista oficial<sup>5</sup> de SPA acreditados ou verificar a acreditación daqueles que nos interesen e consultar a súa proximidade xeográfica aos centros de traballo da empresa.
2. Analizar a situación das clínicas nas que se lles poderían realizar os recoñecementos médicos aos traballadores e, en caso de interese, a posibilidade de realízalos mediante unidade móbil.
3. Solicitar unha visita previa dos SPA seleccionados (é recomendable valorar polo menos tres provedores) co obxecto de que poidan valorar as instalacións e/ou facilitarlles a información adicional que precisen para elaborar a oferta económica axustada aos medios técnicos e humanos que deberán achegar no servizo.
4. Concretar as características das actividades a contratar e solicitar o mesmo tipo de oferta a todos eles para que nos permita comparar as ofertas recibidas (contidos e prezo).
5. Comparar as ofertas valorando o máximo número de aspectos, como:
  - Especialidades preventivas ofertadas e detalle de actividades preventivas dentro de cada especialidade, así como a súa inclusión ou non no prezo do concerto.
  - Tipo de informes técnicos/sanitarios e doutra documentación<sup>6</sup> que entregaría o SPA. Deben coidarse os prazos de entrega do DSS para a súa entrega co plan de labores<sup>7</sup>.
  - Número de visitas dos técnicos, duración e horas aproximadas de realización dos informes, no caso de que o concerto reflicta limitación de dedicación en termo de número de horas.
  - Número de horas anuais de dedicación do/dos técnico/s. É recomendable valorar especialmente aquelas ofertas que non indiquen este tipo de limitacións, senón que se fundamenten en actividades ou servizos incluídos no prezo.

- Calidade do servizo sobre a base de:
  - A valoración dos modelos tipo de informes técnicos, así como doutra documentación.
  - Os ámbitos de actuación da actividade sanitaria que se indican no concerto (ver anexo 1).
  - A cualificación<sup>8</sup> e a experiencia dos técnicos.
  - A especialización do SPA en empresas da mesma actividade e referencias doutros clientes.
- Rapidez na resposta de servizo:
  - A data prevista de realización das actividades concretas -Programa anual de actividades do SPA<sup>9</sup>.
  - Os prazos de entrega documental das actividades preventivas.
  - O tempo estimado de resposta ás consultas técnicas.
  - O tempo de resposta ante un accidente, unha inspección de traballo etc.
  - O tempo de programación de recoñecementos médicos e emisión de certificados de aptitude.
- A claridade da oferta. Non aceptar termos como os de «asesoramento en tal ou cal aspecto...» sen que se especifique en que consistiría o servizo -resolución de dúbidas, elaboración de informes ou outras formas de servizo-.

Unha vez aceptada unha oferta e, polo tanto, seleccionado un SPA, o seguinte paso é formalizar o concerto e para iso conviría desenvolver unha serie de actuacións:

- Solicitar a elaboración do concerto, ao aceptar a oferta e comprobar que o contido do contrato se adapta a todo o pactado na oferta.
- Recordar que a decisión de recorrer a un SPA debeu contar coa consulta previa aos traballadores ou os representantes dos traballadores<sup>10</sup>.
- Considerar que se debe ter un exemplar asinado en orixinal por quen actúa en nome do SPA segundo o propio concerto. Deberán asinarse polo menos as páxinas nas que se relacionan os centros de traballo cubertos e as condicións económicas -é aconsellable que se asinen todas as páxinas-.



## 1.2. O concerto do Servizo de Prevención Alleo

Cando o empresario opte por desenvolver a actividade preventiva a través dun ou varios servizos de prevención alleos á empresa, deberá concertar por escrito a prestación. Os concertos, deben consignar, como mínimo<sup>11</sup>, os aspectos que se recollen nas táboas seguintes, algúns deles diferéncianse en función da especialidade concertada.



### Requisito legal

O contrato suscrito entre a empresa e o SPA deberá consignar as actividades preventivas concretas que sexan legalmente esixibles e que non queden cubertas polo concerto.

Elementos que se van verificar no redactado do convenio	
Contido <sup>12</sup>	Aspectos que hai ter en conta
a) Identificación da entidade especializada que actúa como Servizo de Prevención Alleo á Empresa.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sempre debe constar a denominación social e número de acreditación como SPA (pódese comprobar na lista oficial de entidades acreditadas)</li></ul>
b) Identificación da empresa destinataria da actividade, así como dos centros de traballo desta aos que a dita actividade se contrae.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Se deben incluír todos os centros de traballo.</li><li>• Cando se trate de empresas que realicen actividades sometidas á normativa de seguridade e saúde en obras de construción, incluírá expresamente a extensión das actividades concertadas no ámbito das obras en que interveña a empresa. Neste caso as empresas deben informar o SPA de obras nas que presten servizos.</li></ul>
c) Especialidade ou especialidades preventivas obxecto do concerto.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Para cada especialidade deben indicarse as funcións concretas asumidas polo SPA e tamén as actuacións concretas<sup>13</sup> que se realizarán para o desenvolvemento das funcións asumidas, no período de vixencia do concerto.</li></ul>
d) Obriga de realizar a actividade de seguimento e valoración da implantación das actividades preventivas derivadas da avaliación.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coa periodicidade que requiran os riscos existentes.</li></ul>
e) Obriga de efectuar a valoración da efectividade da integración da prevención de riscos laborais	<ul style="list-style-type: none"><li>• O concerto debe incluír a valoración da efectividade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa a través da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais en relación coas actividades preventivas concertadas (art. 16 LPRL). Ver Anexo 2.</li><li>• Esta valoración efectuarase na memoria anual<sup>13</sup> (Ver anexo 3) das actividades realizadas polo SPA na empresa.</li></ul>

## Elementos que se van verificar no redactado do convenio

Contido <sup>12</sup>	Aspectos que hai ter en conta
<p>f) Compromiso do servizo de prevención de dedicar anualmente os recursos humanos e materiais necesarios para a realización das actividades concertadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Neste sentido os SPA están obrigados a dispoñer dunha serie de recursos humanos e materiais tanto para obter a acreditación laboral que lles permite actuar como Servizo de Prevención Alleo como para manter esta acreditación.</li> <li>• Ademais as entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deben manter a disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes, unha memoria anual na que incluírán de forma separada as empresas ou centros de traballo aos que se prestou servizos durante o dito período, indicando en cada caso a natureza destes.</li> </ul>
<p>g) Compromiso da empresa de lle comunicar ao Servizo de Prevención Alleo os danos á saúde derivados do traballo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esencial para que o SPA poida realizar a investigación que se ha de ter a disposición da autoridade laboral ou asesorar a empresa nesta.</li> </ul>
<p>h) Compromiso da empresa de lle comunicar ao Servizo de Prevención Alleo as actividades ou funcións realizadas con outros recursos preventivos e/ou outras entidades.</p> <p>i) A duración do concerto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O obxectivo desta comunicación é facilitar a colaboración e coordinación de todos eles.</li> <li>• Normalmente é anual e prorrogable, aínda que se podería valorar a posibilidade dun contrato plurianual.</li> </ul>
<p>j) As condicións económicas do concerto, coa expresa relación das actividades ou funcións preventivas non incluídas naquelas condicións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Débese prestar especial atención a:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Prezo anual do servizo, preferentemente desagregado por actividades e especialidades.</li> <li>– Forma de pago.</li> <li>– Forma de revisión económica do concerto<sup>14</sup>.</li> </ul> </li> </ul>
<p>k) Obriga do Servizo de Prevención Alleo de asesorar o empresario, os traballadores e os seus representantes e os órganos de representación especializados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O asesoramento e apoio do Servizo de Prevención Alleo debe estenderse a todo o persoal da empresa.</li> </ul>
<p>l) Actividades preventivas concretas que sexan legalmente esixibles e que non quedan cubertas polo concerto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A empresa, a través do concerto, debe estar claramente informada daquelas actividades que non están incluídas nas condicións do concerto pero que legalmente teñen que realizarse.</li> </ul>

### 1.2.1. Concertos de prevención parciais ou integrais

De acordo co art. 16.1.a e c do Real decreto 39/97, o empresario pode: *«recorrer a un ou varios servizos de prevención alleos, que colaborarán entre si cando... a designación dun ou varios traballadores sexa insuficiente para a realización da actividade de prevención e non concorran as circunstancias que determinan a obriga de constituír un servizo de prevención propio... ou se producise unha asunción parcial da actividade preventiva nos termos previstos no apartado 2 do artigo 11 e no apartado 4 do artigo 15 da presente disposición».*

Polo tanto, estaremos ante un concerto «parcial» co SPA:

1. Cando requiramos só actuacións preventivas puntuais -medicións de ruído, estudos específicos etc-.
2. Ou todas as actividades preventivas derivadas dunha ou varias especialidades preventivas -seguridade, hixiene, ergonomía- psicopsicología, vixilancia da saúde-.

Segundo o artigo 10 do Real decreto 39/97, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, o empresario pode desenvolver toda a actividade preventiva recorrendo a un ou varios servizos de prevención alleos. Neste caso, concértanse todas as actividades preventivas establecidas pola normativa de prevención para cada unha das especialidades preventivas.

Aínda que nos próximos anos os SPA estarán obrigados a poder prestar servizos nas catro disciplinas preventivas, a empresa pode optar por contratar as diferentes especialidades con diferentes SPA, se ben o común é concertar polo menos as especialidades técnicas (seguridade, hixiene e ergonomía e psicopsicología aplicada) cun único SPA. Se se opta por varios SPA, deberase ter en conta a dificultade de coordinar a actividade preventiva desenvolvida polos SPA, que requirirá da empresa unha dedicación adicional para asegurar a eficaz integración da prevención e as canles de comunicación entre os diferentes SPA de forma que poidan colaborar e coordinarse entre si, no exercicio das actividades preventivas que lles competan.

### 1.2.2. Duración dos concertos

Habitualmente a duración dos concertos é dun ano, e poderase prorrogarse automaticamente por períodos anuais, agás que medie renuncia expresa de calquera das partes á renovación do acordo -notificada formalmente no prazo que se estableza-

É recomendable verificar a existencia dunha cláusula que permita anular o concerto de forma inmediata por incumprindo do SPA: calidade do servizo, informes técnicos incompletos, ausencia de visitas técnicas etc.

## Recordatorio

Os modelos de concerto co SPA tamén dispoñen de cláusulas que permiten a anulación de forma inmediata cando a empresa incumpre o estipulado no contrato:

- a) Se a empresa contrata actividades relacionadas coa prevención de riscos laborais, sen comunicación previa ao SPA. Esta comunicación constitúe ademais unha obriga da empresa xa que no concerto han de recollese as actividades que se asuman con medios propios ou a través doutros SPA.
- b) Se a empresa incumpre de forma reiterada ou grave, os plans e programas de actuación preventiva.
- c) Se a empresa non adopta nun tempo razoable as medidas preventivas requiridas ou calquera outro documento.
- d) Se a empresa non permite o acceso ás instalacións ou a documentación de relevancia para a prevención de riscos laborais.

En ocasións pode ser interesante fixar unha duración do concerto superior a un ano, por exemplo se as actividades que se van realizar no primeiro e sucesivos anos son substancialmente diferentes. Tamén lles pode permitir ás empresas e servizos de prevención fixar prezos máis competitivos e acordos coa dispoñibilidade orzamentaria da empresa, especialmente se se require pola complexidade da empresa planificar moitas actuacións ou avaliacións específicas que poidan ser abordadas nunha programación plurianual<sup>16</sup>.

### 1.2.3. Alcance

Segundo o art. 31.3 da LPRL, os servizos de prevención deberán estar en condicións de lle proporcionar á empresa o asesoramento e apoio que precise no referente a:

- a) O deseño, implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.
- b) Avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e a saúde dos traballadores nos termos previstos no artigo 16 da Lei 31/95, na súa redacción dada pola Lei 54/03. Dentro desta avaliación ha de contemplarse, entre outros factores:
  - As obrigas en materia de coordinación de actividades empresariais segundo dispón o Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/95 (en diante, «RD 171/04»).
  - A identificación de actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais, segundo o disposto no artigo 32 bis.1.b) da Lei 31/95 na súa redacción dada pola Lei 54/03.

- c) A planificación da actividade preventiva e a determinación técnica das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas e a vixilancia da súa eficacia.
- d) A información e formación dos traballadores, nos termos previstos nos artigos 18 e 19 desta lei.
- e) A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- f) A vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo.

Segundo o artigo 19.2 do Real decreto 39/97 (Regulamento dos Servizos de Prevención) os SPA han de contribuír á efectividade da integración das actividades de prevención no conxunto de actividades da empresa e en todos os niveis xerárquicos desta. Parte desta contribución realízase mediante a valoración da integración que os SPA han de realizar xunto coa memoria anual das actividades desenvolvidas na empresa.

Todo o anterior constitúe uns mínimos, polo que a empresa pode solicitar un contido máis amplo e máis detallado de actividades.

#### 1.2.4. Exclusiones

É importante poñer atención á cláusula do concerto no que se detallan as actividades que quedan excluídas tanto na execución propiamente dita, coma no prezo do concerto:

- a) Actuacións propias dun organismo de control -para os efectos da Lei 21/92 de Industria-.
- b) Estudos de adecuación de equipos de traballo ao Real decreto 1215/97. Non pode excluírse a avaliación de equipos conforme a esta normativa.
- c) Traballo derivados do Real decreto 1627/97: estudos ou estudos básicos de seguridade e saúde, plans de seguridade e saúde, coordinación de seguridade tanto en fase de deseño coma en fase de execución de calquera obra etc.
- d) Visitas de control a obras.
- e) Actuación como «recursos preventivos» segundo art.º 32 bis.2.c) da Lei 31/95.
- f) Medicións hixiénicas.
- g) Elaboración de Documento ATEX (Protección fronte a atmosferas explosivas).
- h) Presenza de técnicos na coordinación de actividades empresariais, segundo o previsto no RD 171/04.
- i) Calquera outra actividade preventiva distinta das descritas nas condicións particulares do concerto.

Na referencia ás obras de construción, a actividade preventiva do SPA ha de estenderse a esta tipoloxía de lugar de traballo, e será habitual, cando non pode definirse *a priori* o número de obras nas que vai prestar servizos a empresa, que

estableza un prezo unitario. Nestas situacións as empresas deben comunicar ao SPA as obras nas que estean a desenvolver traballos con antelación abondo.

Non é habitual incluír nos concertos o deseño e implantación do Sistema de Xestión da Prevención de Riscos Laborales<sup>17</sup> -manual, procedementos, instrucións técnicas, modelos de rexistro-. Isto non é óbice para que o SPA colabore na revisión daqueles procedementos de traballo que incidan nas condicións de seguridade e saúde da empresa.

### 1.2.5. Compromisos adquiridos na concertación

Como en todo contrato mercantil, os dereitos da empresa son deberes ou obrigas para o SPA e viceversa.

#### A EMPRESA DEBERÁ:

1. Facilitarlle ao persoal do SPA o acceso á información e documentación necesaria para as actividades especificadas no concerto así como as establecidas<sup>18</sup> no art. 23 da Lei 31/95.
2. Facilitarlle ao persoal do SPA o acceso a todas as instalacións da empresa.
3. Designar un ou varios interlocutores co SPA. Este aspecto é ademais esencial para a integración da prevención de riscos laborais na empresa.
4. Facilitar ao SPA as altas e as baixas de traballadores e/ou postos de traballo, comunicacións de accidentes, cambios de instalacións, novos centros e postos de traballo etc.
5. Comunicar calquera situación relacionada coa prevención de riscos laborais; accidentes de traballo, situacións de sensibilidade dalgún traballador, aptitude con restricións, incorporación de novos procesos, tecnoloxías ou materias primas etc. O concerto ha de recoller de forma explícita o compromiso da empresa de comunicar os danos á saúde dos traballadores que se produciran.
6. Comunicarlle ao Servizo de Prevención Alleo as actividades ou funcións realizadas con outros recursos preventivos e/ou outras entidades. Esta comunicación é un dos compromisos da empresa que se recollen nos contidos do concerto co SPA.

#### O SPA DEBERÁ:

1. Tratar confidencialmente calquera dato, información ou documentación aos que poida acceder en razón das actividades do concerto.
2. Facilitar un programa anual de actividades que concrete o alcance das actividades concertadas en cada especialidade.
3. Emitir os documentos e informes derivados das obrigas reflectidas no programa anual de actividades.
4. Realizar a memoria anual das actividades realizadas.
5. Asesorar a empresa en calquera das actividades previstas no Concerto.
6. Efectuar a valoración da efectividade da integración da prevención de riscos laborais.

7. Realizar a actividade de seguimento e valoración da implantación das actividades preventivas derivadas da avaliación.
8. Desenvolver as actividades previstas no concerto.

Nos concertos de vixilancia da saúde tamén se debe pedir por escrito o programa anual en que se relacionen as actividades concertadas. É insuficiente mencionar que se farán recoñecementos médicos xerais e específicos. Deben concretarse as características e tipos de recoñecemento, protocolos médicos que se utilizarán, o lugar e modo de realización etc. A título indicativo na especialidade de medicina do traballo, terán presentes os seguintes aspectos:

1. A identificación dos traballadores que ocupan cada un dos postos de traballo, cos riscos correspondentes.
2. A periodicidade establecida para cada risco.
3. A periodicidade establecida para as persoas especialmente sensibles.
4. A realización da vixilancia colectiva da saúde (epidemiolóxica).
5. A elaboración de programas de promoción da saúde.
6. A investigación das causas e as consecuencias dos accidentes e de posibles enfermidades profesionais.
7. A salvagarda a confidencialidade dos datos.

### 1.2.6. Condicións económicas

En liñas xerais podemos encontrar dúas fórmulas de establecemento do prezo dun concerto:

1. Estipulación dun importe anual sobre a base dun prezo unitario por traballador e mes. Ao efectuarse o cálculo así, dificultase a adecuación da dedicación do SPA á realidade da empresa, onde non só se debe ter en conta o número de traballadores senón tamén a tipoloxía dos riscos, tipo de instalacións etc. Non é recomendable que en materia de prevención de riscos laborais se faga este tipo de cálculos, xa que se supedita o cómputo total a unha estimación aproximada e as actuacións preventivas que se van desenvolver polo SPA estarían enmarcadas nese hipotético importe do servizo e repercutiría na calidade deste.

2. Estipulación dun importe calculado a partir da dedicación real de horas de técnico -tanto de campo coma de gabinete- para o conxunto das actividades previstas.

En canto á especialidade da medicina do traballo, ou ao que comunmente se coñece por vixilancia da saúde, a estipulación do importe dos servizos que ofrece o SPA establécense por un número determinado de recoñecementos médicos<sup>19</sup>, que se facturan en función da súa realización ou non.

O programa de vixilancia é o que establece a obrigatoriedade ou non de realizar o recoñecemento médico, que ten en conta a actividade da empresa (anexo I), o que indica o convenio colectivo ou outra regulamentación sectorial, o que establece a autoridade laboral ou o que a propia a unidade sanitaria do SPA considera necesario para a axeitada valoración dos riscos<sup>20</sup>.

#### **Importante**



Identificar as actuacións preventivas cuxo importe non están incluídos nas condicións do concerto e poidan ser necesarias por detectarse na avaliación de riscos e/ou poidan levar consigo recoñecementos médicos específicos.



## 2. Elementos e forma de seguimento do SPA

Para unha axeitada xestión da prevención de riscos laborais é conveniente que se realice o seguimento das actividades realizadas polo SPA. A ferramenta para este seguimento é o Programa anual de actividades, tanto das especialidades técnicas coma da vixilancia da saúde, programas que deben incluír as actividades de cada ano e o seu cronograma de execución.

Á vista de todo o anterior, convén coñecer os principais elementos para o seguimento das actividades do SPA, segundo se reflicte na seguinte táboa:

Elementos de seguimento	Actuacións aconsellables no seguimento
Programa anual de actividades do SPA (Ver Anexo 4)	<ul style="list-style-type: none"><li>• Débese solicitar ao inicio de cada anualidade.</li><li>• Debe ser consensuado co persoal técnico de prevención do SPA.</li><li>• Débese basar na diagnose da situación do sistema de xestión da prevención que o SPA realízase.</li><li>• Debe incorporar as actividades pendentes do exercicio anterior.</li><li>• Debe incluír actividades novas que puidesen xurdir como necesarias durante a anualidade transcorrida.</li><li>• Debe ser claro, conciso e concreto: debe mencionar cada actividade, o lugar de realización, a duración e horario se procede, as persoas que han de intervir por ambas as partes, e calquera outro detalle para que non haxa dúbida en como realizar a actividade ou polo menos os criterios.</li><li>• Debe priorizar as medidas que se van adoptar, en función da súa importancia, así como os seus prazos de cumprimento.</li><li>• Débense evitar os documentos interminables, que na práctica non son operativos</li></ul>

Elementos de seguimento	Actuacións aconsellables no seguimento
Visita técnicos do SPA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Debemos designar unha persoa para actuar como interlocutor co SPA e como coordinador interno coas persoas da empresa coas que deba contactar o técnico do SPA. Algúns SPA incluso requiren neste concerto que se designe o dito interlocutor.</li> <li>• Con anterioridade á visita debemos coñecer o obxectivo e contido da visita, persoas coas que o técnico precisa contactar e a información ou documentación que vaia requirir.</li> <li>• Debería existir unha folla de visita: a que o propio técnico facilite ou a que a empresa lle proporcione, na que quede constancia das visitas –ver a información mínima desta no apartado 2.1.1–.</li> <li>• Débense cumprir os obxectivos e contidos previstos na visita e deixarse constancia na folla de visita daquelas incidencias que puidesen xurdir: resultado da visita, temas pendentes e datas da próxima visita etc.</li> <li>• Aínda que se efectúe o pago ao SPA mensualmente, non implica que necesariamente se acordase unha visita mensual do técnico, senón que o importe anual do concerto fraccionouse en 12 pagos mensuais.</li> </ul>
Informes técnicos do SPA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Debe quedar claro no Programa anual cales serán os informes que se realizarán, en principio, durante a anualidade do concerto.</li> <li>• Deben figurar os equipos utilizados (identificación, marca e número de serie), a data na que foron calibrados e a referencia co certificado de calibración e a identificación do propietario/proveedor dos equipos<sup>21</sup>.</li> </ul>
Consultas técnicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Débense obter respostas en poucas horas ou días.</li> <li>• Cando se trate dunha resposta complexa ou que requira un informe deberíamos coñecer cando se facilitará a información solicitada.</li> <li>• A resposta do SPA debe mencionar a base legal ou técnica na que se sustenta, se existe de forma explícita.</li> <li>• Debe quedar claro na resposta que obteñamos o tipo de criterios que se nos dan (técnicos ou xurídicos).</li> </ul>
Memoria anual do SPA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Debe mencionar as actividades realizadas ou que figuren como pendentes con respecto a todas e cada unha das actividades do Programa anual.</li> <li>• Debe incluír a valoración da integración da prevención de riscos laborais na empresa.</li> </ul>

## 2.1. As visitas dos técnicos de prevención do SPA

### 2.1.1. O número de visitas e a súa periodicidade

Os técnicos dos SPA adoitan levar nas visitas unha «folla de visita» ou similar que permite deixar constancia desta. É importante solicitar ou achegar a folla de visita na que se detalle todo o que teña relación co desenvolvemento desta.

Nestas follas de visita debería figurar, como mínimo:

- Empresa e centro de traballo que recibe a visita do técnico.
- Data da visita.
- Hora de inicio e fin da visita.
- Persoas do SPA e da empresa que asistiron á visita.
- Temas tratados.
- Actividades realizadas<sup>22</sup>
- Documentación entregada polo SPA.
- Documentación entregada pola empresa ao SPA.
- Data da próxima visita e temas que se van tratar ou actividades que se van realizar nesta.
- Sinaturas de todos os asistentes ao pé da folla de visita.

A empresa debería conservar polo menos unha copia desta folla de visita. Estas follas son esenciais, tanto para a empresa coma para os SPA, no caso de que houberse que acreditar ante a autoridade laboral as actividades preventivas realizadas.

A través das follas de visita pódese ter constancia do número de visitas realizadas e as previstas, o que nos permitirá esixirlle ao SPA reconducir a situación no caso de non se cumprir o programado no concerto.

### 2.1.2. Forma de realización da visita

Débase establecer co técnico a forma e o contido da visita xusto antes do inicio do seu traballo.

Na toma de datos, o técnico pode solicitar información adicional, que lle permitirá emitir, unha vez contrastados os datos cos traballadores, mandos, delegados de prevención etc., o informe técnico correspondente. Por exemplo, para a avaliación da exposición a axentes químicos, o técnico necesitará que lle proporcionemos todas as fichas de seguridade das substancias químicas que se manipulen ou almacenen na empresa.

No caso de que cambiemos de SPA é fundamental proporcionarlle ao novo servizo toda a documentación de prevención de riscos laborais de que se dispoña, ao obxecto de que a actuación sexa unha continuación de mellora e non se repitan actuacións de forma innecesaria.

### 2.1.3. Importancia do interlocutor da empresa co SPA

O interlocutor interno ou coordinador co SPA é fundamental para establecer e/ou reconducir as actividades que efectuará o SPA, poderase así dirixir as actividades cara ao cumprimento anual de todo o planificado e favorecer a integración da prevención na estrutura e decisións na empresa.

Tamén é unha figura fundamental como nexo de comunicación entre o SPA e a estrutura da empresa na que deban implantarse medidas preventivas.

O seu papel é fundamental para a axeitada actuación dos SPA en situacións como investigación de accidentes ou avaliacións de persoal sensible (situacións de embarazo, contratación de menores etc.).

## 2.2. Requisitos dos informes técnicos

### 2.2.1. Contido dos informes

Débese esixir que os informes sexan concisos e reflictan sen ambigüidades a situación da empresa. Non deben aceptarse frases como «a instalación eléctrica deberá cumprir co REBT (Regulamento electrotécnico de baixa tensión)»; a empresa debe saber se se cumpre ou non e, en caso negativo, o motivo, aspecto ou lugar exacto da instalación en que se incumpe o REBT.

Se se utilizan siglas como a anterior, REBT (Regulamento electrotécnico de baixa tensión), deberase esixir que o significado das siglas apareza no informe. Tamén se han de solicitar as referencias exactas das normas legais ou técnicas que se citen nos informes, para que a empresa poida consultala se o considera necesario.

Un informe no que apareza duplicada moita información común a moitos postos de traballo dificulta a súa lectura. Pódese solicitar que se inclúa a información común unha soa vez e se mencione a que postos de traballo afecta. En calquera caso a empresa pode e debe solicitar unha explicación dos informes sempre que o necesite.

Ás veces existen mencións nos informes sobre riscos, recomendacións ou medidas preventivas xerais e que, no peor dos casos, poden non ser de aplicación na nosa empresa. Débese esixir que a documentación que achegue o SPA se cinga á actividade extractiva da empresa, aos riscos específicos da súa instalación ou proceso produtivo e aos equipos ou outras condicións de traballo que existan realmente no centro de traballo.

Débese solicitar que a información, ademais de rigor técnico e legal, teña tamén elementos que permitan e faciliten a identificación e análise do risco ou

condición de traballo que se está a tratar; e en xeral que o informe sexa de doada lectura e comprensión. A este respecto pode ser de axuda que o informe inclúa táboas, gráficos, debuxos, fotos ou outras axudas gráficas.

### **Prestar especial atención a:**



1. A listaxe de actividades preventivas que se vai planificar/implantar pola empresa: como realizar cada actividade e proposta de cronograma de execución que propón o SPA para o seu desenvolvemento (sobre a base da dispoñibilidade de recursos da empresa e á viabilidade técnica).
2. A identificación das medidas preventivas que son de obrigado cumprimento (por obedecer a requisitos legais) e a identificación das medidas preventivas que son recomendacións do técnico (para a mellora das condicións de seguridade).
3. A identificación dos postos de traballo nos que é obrigatorio o recoñecemento médico e a periodicidade destes, en todos os casos.
4. A execución da planificación das actividades preventivas que deberá realizar a empresa debe partir da asignación dos responsables da execución, as datas e custos previstos.
5. A existencia ou non de repetición de medicións, e/ou comprobación dos resultados das medidas preventivas indicadas.

### 2.2.2. As referencias a normas legais ou técnicas

Non é aceptable que un informe técnico inclúa o texto completo dunha normativa legal ou técnica, é dicir, todo un real decreto ou unha nota técnica de Prevención. O único que fai é avultar innecesariamente o documento, disuadir da súa lectura e dificultar a identificación da información que realmente é importante.

En lugar diso:

- Os informes deben mencionar o que necesitamos saber das ditas referencias e no seu caso con que medidas preventivas se podería conseguir o cumprimento legal, así como datos concretos para a súa realización.
- É suficiente indicar a referencia da normativa. Por exemplo, «segundo o art. 31.2.b parágrafo 2.º do Real decreto 486/97...»
- Expoñer as recomendacións extraídas de normas técnicas ou legais nunha linguaxe doada de entender, sen utilizar termos demasiado técnicos ou xurídicos.

Reiteramos que a empresa debe exercitar o seu dereito de asesoramento e apoio, solicitando calquera aclaración sobre os informes que reciba, e non debe ser ela quen asesore ó SPA na normativa específica, como ven sucedendo as veces.

### 2.3. O enfoque das medidas preventivas

As medidas preventivas que se establezan en calquera dos informes do SPA deben axustarse ás seguintes observacións:

Aspectos	Observacións
Identificar os riscos existentes fronte aos que actúa a ou as medidas preventivas formuladas	<ul style="list-style-type: none"><li>• Se observamos riscos que o técnico non identificou débemoslo comunicar para a súa análise por parte deste antes de elaborar o seu informe.</li></ul>
Definir todas as medidas necesarias segundo a magnitude dos riscos	<ul style="list-style-type: none"><li>• Para riscos graves ou mortais pode ser necesario implantar varias medidas preventivas actuando simultaneamente.</li></ul>
Adecuarse as medidas técnicas aos riscos identificados	<ul style="list-style-type: none"><li>• Hai medidas que non resolven adecuadamente os riscos e son, polo tanto, de eficacia parcial ou dubidosa.</li><li>• Se observamos medidas preventivas incompatibles coa actividade da empresa, deberémoslo comunicar ao SPA para o estudo de alternativas.</li></ul>
Concretarse a relación eficacia/custo razoable	<ul style="list-style-type: none"><li>• Pode haber medidas moi eficaces pero demasiado custosas con respecto a outras medidas que tamén deberían ser valoradas (por exemplo, para un traballo cun produto pouco tóxico e de uso moi esporádico, non estaría xustificado poñer unha campá de extracción en vez do uso de equipo de protección individual).</li></ul>
Especificarse a priorización na súa implantación temporal	<ul style="list-style-type: none"><li>• Neste punto é esencial unha valoración rigorosa da gravidade do risco e do número de traballadores expostos.</li></ul>
Ser concretas para podelas implantar	<ul style="list-style-type: none"><li>• Débese solicitar que se especifiquen todas as características técnicas ou requisitos imprescindibles para a implementación destas.</li></ul>

As medidas preventivas que se propoñan nos informes deberán deixar clara a forma de realizalas: en que lugares deben realizarse, de que forma e con que medios, para que casos será necesaria a súa execución etc.

Non se trata de que o técnico teña que estenderse para cada medida proposta en tantos detalles como os que requiriría unha enxeñaría ou o persoal de mantemento para levala a cabo, pero si de deixar claras todas aquelas características que sexan necesarias para unha doada selección entre diversos provedores ou para o deseño interno na empresa se as podemos realizar con persoal propio. Por exemplo, no caso dun resguardo ou protección da zona de perigo dunha máquina, non abonda con dicir que debe colocarse senón que debería indicarse polo menos se debe ser fixo ou móbil e a súa situación, forma de uso en relación coa tarefa ou co tamaño das pezas que se van traballar etc.



### 3. O balance anual de resultados co SPA e a programación anual da actividade preventiva

---

Antes de finalizar a anualidade do concerto deberíamos valorar o grao de cumprimento e satisfacción cos servizos prestados polo SPA, co obxecto de decidir se se desexa ou non continuar coa dita entidade.

Para iso, deberíamos cuantificar e valorar as actividades da programación anual do SPA que se executaron realmente e as que quedaron pendentes<sup>23</sup> e ver nestas últimas o motivo por se se debe a causas tales como:

- Falta de definición abondo da acción que se vai realizar.
- Falta de asignación de responsables, de recursos económicos, de datas previstas.
- Falta de seguimento das accións polos responsables destas.
- Falta de definición do responsable da execución e/ou seguimento desta.
- Causas derivadas do SPA.
- Causas derivadas de provedores.
- Etc.

Se decidimos continuar co SPA, antes de rematar o período anual deberíamos concretar o programa anual para o próximo período anual incluídas as actividades que quedasen pendentes do período anterior.

Segundo a publicación do INSHT mencionada ao principio desta guía, a memoria anual das actividades da empresa (apartado 2.d do artigo 39 da LPRL) debe conter os mesmos datos que se recollen no Programa anual de actividades da empresa, só que referidos ás actividades efectivamente realizadas (en lugar de ás programadas), complementados coas referencias, cando proceda, aos «informes de execución», das ditas actividades.

Pódese consultar no anexo II, a información que hai que recoller que se esixe.

#### **Recordatorio**

- ❖ Lista de SPA acreditados
- ❖ Solicitar mínimo 3 ofertas
- ❖ Formalizar contrato ou concerto co SPA
- ❖ Realizar o seguimento das actividades contratadas para valorar a actuación do SPA e decidir se continuar ou cambiar de SPA




# Anexos

---

## Anexo 1 : Ámbitos de actuación da actividade sanitaria

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DA ACTIVIDADE SANITARIA (Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención).



## Anexo 2: Lista de actividades preventivas por especialidades

### Xeneral para todas as especialidades

- Definición do Sistema de Xestión da Prevención de Riscos Laborais.
- Participación e consulta dos traballadores. Plan de actuación.
- Avaliación de riscos - Contido xeral.
- Elaboración da planificación e programas anuais de actuacións preventivas.
- Elaboración do protocolo de actuación e de coordinación de actividades preventivas.
- Programa de adquisición de bens.
- Elaboración de protocolos específicos.
- Deseño do Plan de información dos traballadores.
  - Programación.
  - Desenvolvemento.
- Programa de análise de investigación de accidentes e enfermidades profesionais.
- Programas de formación sobre riscos xerais.
- Deseño e mantemento de programas de seguimento estatístico da sinistralidade rexistrada e factores correctores.
- Memoria anual.

### Seguridade no traballo

- Avaliación de riscos.
- Determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas.
- Asesoramento e supervisión do control da eficacia das medidas preventivas adoptadas polo empresario.
- Programas de formación sobre riscos específicos.
- Análise das necesidades de actuacións en caso de emerxencia.
- Elaboración de plans de autoprotección e/ou emerxencia e/ou medidas de emerxencia.

### Hixiene industrial

- Avaliación de riscos.
  - Medición de contaminantes físicos.
  - Medición de contaminantes químicos.
  - Medición de contaminantes biolóxicos.
- Determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas.
- Asesoramento e supervisión do control da eficacia das medidas preventivas adoptadas polo empresario.
- Programas de formación sobre riscos específicos.

### Ergonomía-Psicosocioloxía

- Avaliación de riscos.
- Determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas.
- Asesoramento e supervisión do control da eficacia das medidas preventivas adoptadas polo empresario.
- Programas de formación sobre riscos específicos.

### **Vixilancia da saúde**

- Elaboración do programa específico de vixilancia da saúde.
- Análise do estado de saúde dos traballadores da empresa.
- Estudos de baixas por enfermidade.
- Investigación de danos.
- Información sanitaria e colaboracións co Sistema Nacional de Saúde.
- Avaliación periódica dos traballadores expostos a riscos.
- Análise epidemiolóxica.

## Anexo 3: Datos imprescindibles do contrato co SPA, servizos que se poden contratar

### 1. DATOS IMPRESCINDIBLES DO CONCERTO QUE SE VAI FORMALIZAR CO SPA

#### REUNIDOS

Representante legal da empresa. Dirección da empresa.

Representante legal do Servizo de Prevención Alleo.

#### ACORDAN

Por recoñecerse a capacidade legal e ser acreditado o SPA pola autoridade laboral competente co n.º de expediente [.....]:

#### SERVIZOS CONTRATADOS ao SPA (exemplo<sup>24</sup>)

O SPA realizará as seguintes actividades preventivas para a empresa [.....], no/os centro/s de traballo/s situado/s en [.....]:

- Estudo específico sobre [.....], conforme establece o Real decreto [.....], realizado polo experto en ergonomía e psicopsicología aplicada.
- Estudo da exposición de todos os traballadores a [.....], conforme establece o Real decreto [.....], realizado polo experto en hixiene industrial.
- Estudo de [.....], conforme establece o [.....], realizado polo experto en seguridade industrial contratado polo servizo de prevención alleo.
- Vixilancia da saúde de todos e cada un dos traballadores da empresa, nos termos establecidos no artigo 22 da Lei 31/1995, en función da avaliación de riscos realizada, que será levada a cabo polo médico especialista en medicina do traballo e conforme aos protocolos médicos seguintes:  
[.....] [.....]

- Etc.

#### IMPORTE DAS ACTIVIDADES CONTRATADAS

A empresa [.....] aboará ao SPA a cantidade de [.....] euros en concepto do custo das actividades contratadas, segundo as seguintes partidas:

- Estudo de [.....]: [.....] euros. • Estudo de [.....]: [.....] euros.
- Estudo de [.....]: [.....] euros. • Vixilancia da saúde [.....]: [.....] euros.
- [.....]: [.....] euros.

#### DURACIÓN DO CONTRATO

O concerto/contrato terá unha duración de [.....]. Dende o día [.....] de [.....] a [.....]

de [.....] de [.....]

#### CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

As condicións de pagamento serán as seguintes [.....]

As cantidades indicadas serán aboadas por transferencia bancaria na conta número

[.....] da oficina bancaria número [.....] do banco/caixa [.....], situado/a en [.....]

#### SUBSCRIBIR E FORMALIZAR O CONTRATO POR DUPLICADO

## 2. TIPOS DE SERVICIOS QUE PODEN CONTRATARSE CO SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO

### 1. Servizo de Prevención Alleo

Contrátase a xestión da prevención na empresa, é dicir, o deseño e a posterior implantación. Acostúmase formalizar o contrato por un ano e prorrógase ata a progresiva implantación do sistema de xestión da prevención na empresa segundo os requisitos legais. O SPA achega unha xestión integral achegando a interdisciplinariedade de todas as especialidades preventivas (seguridade no traballo. hixiene industrial. Ergonomía e psicoloxía aplicada. Medicina do traballo.) A xestión preventiva permite que a empresa contrate o que se denomina a prevención técnica e/ou a prevención articulada dende a vixilancia da saúde (actividade da medicina do traballo).

### 2. Especialidades ou disciplinas preventivas

A empresa pode contratar as actividades preventivas dunha ou varias das especialidades preventivas, que acostuma a valorarse en función do tempo de dedicación previstos para a execución das actividades que se acorden realizar.

Se se contrata a actuación da especialidade de medicina do traballo, que se coñece baixo a denominación de vixilancia da saúde, debe considerarse que existen actividades sanitarias individuais e actividades colectivas.

### 3. Actuacións preventivas concretas

Baixo a denominación de actuacións preventivas concretas definimos aquelas actividades preventivas que complementan a execución da acción preventiva por necesitarse estudos específicos ou complexos.

### 4. Contrato de formación

É importante formar os traballadores en prácticas preventivas en función das características do posto de traballo que ocupan ou das competencias que deberán adquirir para desempeñar determinada actividade preventiva da empresa.



## Anexo 4: Memoria de actividades do servizo de prevención na empresa

Memoria de actividades do Servizo de Prevención na empresa (Anexo III, parte B da orde [TIN/2504/2010](#). Información mínima). Esta memoria recolle os datos referidos ás actuacións concretas desenvolvidas en virtude do concerto en cada empresa e en cada centro de traballo.

Actividades preventivas	Nº traballadores afectados polas actuacións
Nº traballadores afectados polas actuacións	
Deseño e implantación de Plans de prevención segundo a Lei 54/2003	
Evaluacións iniciais de riscos	
Revisión ou actualización de avaliacións de riscos	
Planificación da actividade preventiva	
Seguimento das actividades planificadas	
Información dos traballadores	
Formación dos traballadores <sup>1</sup>	
Realización de plans de emerxencia	
Investigación e análise de Accidentes de traballo	
Investigación e análise de Enfermidades Profesionais	
Planificación da Vixilancia individual da saúde	
Planificación da Vixilancia colectiva da saúde	
Seguimento das actividades sanitarias planificadas	

1. Neste caso debe incluírse exclusivamente a formación referida ao artigo 19 da LPRL.

Evaluacións de riscos	Metodo de valoración empregado	Nº traballadores afectados	Nº de horas/ano dedicadas
De seguridade: lugares de traballo (excepto condicións ambientais)			
De seguridade: máquinas, equipos e instalacións			
Hixiénicos: axentes químicos			
Hixiénicos: axentes canceríxenos			
Hixiénicos: axentes biolóxicos			
Hixiénicos: ruído			
Hixiénicos: vibracións			
Hixiénicos: iluminación			
Hixiénicos: estrés térmico			
Hixiénicos: outros			
Ergonómicos: carga física			
Psicosociais			



Formación dos traballadores <sup>1</sup>	Nº de traballadores que recibiron formación	Número de actividades formativas				
		Teórico práctico	Curso presencial	Curso distancia	Curso online	Outros
Formación dos traballadores sobre os riscos específicos dos seus postos de traballo (art. 19 LPRL)						
Formación de nivel básico (anexo IV RD 39/1997)						
Formación para emerxencias						

1. Cada una das actividades formativas solo debe reflectirse nunha das columnas do tipo de actividade.

Siniestralidade	2012	2013	2014	2015	2016
Accidentes leves					
Accidentes graves					
Accidentes mortais					
Enfermidades profesionais					

Investigación de accidentes <sup>1</sup>	Número de investigacións					Número de accidentes con baixa
	Incidentes	Leves	Graves/Moi graves	Mortais	Totais	

1. Nesta columna inclúense os centros de traballo da empresa

Investigación de enfermidades profesionais	Número de investigacións realizadas			
	Investig. sospeita de caso		Casos comunicados	
	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Con baixa
Enfermidades profesionais *				
Total				

\* Recollendo código de enfermidade profesional (6 díxitos) segundo Real decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen criterios para a súa notificación e rexistro.

Investigación doutros danos á saúde de posible orixe laboral	N.º investigacións realizadas
Total	

Outras actividades preventivas	N.º traballadores afectados	N.º de horas dedicadas ás actividades
Presenza de recursos preventivos		
Coordinación de actividades empresariais		

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES			XANEIRO - 15/XANEIRO 16											
Nº	ACTIVIDADE PREVENTIVA	OBSERVACIÓNS	E	F	M	A	M	J	J	A	S	O	N	D
1	Inspección de seguridade das instalacións.	Débense identificar os riscos e normas de seguridade que hai que ter en conta polo persoal propio e alleo (traballos subcontratados a empresas externas).												
2	Elaboración e entrega de normas de seguridade de planta. Explicación de normas de seguridade ao persoal da planta.	Débese entregar ás empresas subcontratadas, segundo zonas de traballo na depuradora e tarefas que realizan.												
3	Avaliación de riscos psicosociais.	Débense analizar os cuestionarios pendentes de entrega e informe correspondente.												
4	Formación persoal recente incorporación.	Impartir formación sobre avaliación de riscos do seu posto de traballo e sobre o plan de emerxencia.												
5	Verificación seguridade de máquinas.	Realizar inventario, documentación, estado de conservación e uso, riscos de utilización etc. tendo en conta os criterios do Real decreto 1215/97.												
6	Actualización documentos de avaliación de riscos.	Débese incluír as fotos e a localización sobre o plano os lugares exactos de todo aquilo que se incorpore á avaliación de riscos.												
7	Planificación preventiva de accións correctoras.	Realizar o seguimento de todas as accións preventivas que se incorporasen á planificación.												
8	Formación específica sobre RISCOS ERGONÓMICOS e TRABALLOS EN ALTURA.	Impartirle formación ao persoal de recente incorporación.												
9	Formación sobre inspeccións seguridade e investigación accidentes.	Impartirles formación ás persoas de recente incorporación.												
10	Resumo anual co xefe de planta e adxunto.	Realizar a reunión: resumo anual e planificación das actividades do seguinte período anual.												

## Anexo 5: INSTRUCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA 2.0.02. “Loita contra o po”

Protección dos traballadores contra o po, en relación coa silicose, nas industrias extractivas, INSTRUCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA 2.0.02

**4.2.4 Periodicidade da toma de mostras.** -Tomaranse mostras, polo menos, unha vez cada catro meses nos postos de traballo nos que exista risco de exposición ao po. Esta periodicidade poderá ser modificada tal como se contempla nos apartados 4.2.8 e 4.2.9 desta ITC. En calquera caso, a toma de mostras, como elemento fundamental da avaliación de riscos, deberá ademais repetirse sempre que se cumpran as condicións que obrigan a iso e que se encontran recollidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

**4.2.8 Mostras que non superan o 50 por cento do valor límite.** -Cando os resultados de cada unha das tres últimas mostras cuadrimestrais non superen o 50 por cento dos valores límites (VLA-ED) definidos no apartado 4.2.7, o empresario poderá solicitarlle á autoridade mineira a redución do número de mostras, a unha anual. A autoridade mineira, oído o Instituto Nacional de Silicose, poderá autorizar esta redución durante un período de tres anos. Volverase á condición inicial cando unha mostra anual supere o 50 por cento do valor límite ou cando as condicións do posto de traballo se modifiquen substancialmente. Poderáselle solicitar, á autoridade mineira, a prórroga da realización dunha mostra anual, ao finalizar o período de tres anos, cando ningunha das tres mostras anuais supere o 50 por cento do valor límite. En todo caso, a avaliación de riscos deberá repetirse sempre que sexa necesario, de conformidade co disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

**4.2.7 Valores límites ambientais (VLA-ED).** -Os valores límites para a exposición diaria (ED), que se han de ter en conta simultaneamente, serán:

- a) A concentración da sílice libre contida na fracción respirable de po non será superior a  $0,1 \text{ mg/m}^3$ . Se se tratase de cristobalita ou tridimita este valor reducirase a  $0,05 \text{ mg/m}^3$ .
- b) A concentración da fracción respirable de po, non superará o valor de  $3 \text{ mg/m}^3$ .

**4.2.9 Mostras que superan o valor límite.** -Se se superan os valores límites (VLA-ED) definidos no apartado 4.2.7, o empresario, de forma inmediata, deberá confirmar o resultado co valor medio da toma de tres mostras consecutivas en condicións representativas do posto de traballo. De confirmarse o resultado, deberá tomar medidas de prevención adicionais que lle comunicará a autoridade mineira. Unha vez adoptadas as medidas de prevención, tomaranse de inmediato outras tres mostras consecutivas cuxo valor medio será o que determine o novo risco ao que están expostos os traballadores. Se a pesar das medidas adoptadas non se consegue reducir os valores por debaixo dos valores límites (VLA-ED) definidos no apartado 4.2.7, a autoridade mineira, oído o Instituto Nacional de Silicose, fixará as condicións para reducir o risco de exposición ao po, entre as que se inclúe a diminución da xornada laboral ou a paralización dos traballos.

## Anexo 6: Formación dos traballadores

Frecuencia máxima obrigatoria de cursos de formación con carácter de reciclaxe actualización segundo I.T.C. 02.10 e as súas especificacións técnicas.

### ITC 02.1.02:

#### 5. Definición dos diferentes itinerarios formativos.

Dado o numeroso conxunto de postos de traballo existentes dentro da industria mineira, e para os efectos de poder abordar a definición dos seus correspondentes «itinerarios formativos en seguridade mineira» sen incorrer nunha dispersión complexa, subdivídese a actividade mineira nos seguintes grupos, para cada un dos cales se sinalan as denominacións resultantes da unificación de postos de traballo que desempeñan tarefas similares nos diferentes subsectores mineiros.

##### 5.1 Investigación.

a) Técnicos titulados.

b) Operadores de xeofísica. c) Operadores de xeoquímica. d) Outro persoal.

##### 5.2 Actividades de exterior.

a) Técnicos titulados.

b) Encargados e/ou vixilantes. c) Operadores de maquinaria de arranque/carga/vías. d) Perforación/corte/voadura. e) Operadores de maquinaria de transporte. f) Operadores de sondaxes de auga e/ou investigación. g) Operadores de produción de petróleo ou gas. h) Operadores de mantemento mecánico e/ou eléctrico.

##### 5.3 Actividades de interior.

a) Técnicos titulados.

b) Encargados e/ou vixilantes. c) Operadores arranque/carga. d) Perforación/Voadura. e) Operadores de transporte. f) Operadores de preparacións. g) Operadores de mantemento mecánico e/ou eléctrico. h) Operadores de servizos xerais.

##### 5.4 Establecementos de beneficio.

a) Técnicos titulados.

b) Encargados e/ou vixilantes. c) Operadores de trituración/clasificación. d) Operadores de moenda. e) Operadores de estrío. f) Operadores de separación e concentración. g) Operadores de fornos. h) Operadores de mesturas. i) Operadores de moldeo e/ou sinterización. j) Operadores de plantas de materiais para a construción. k) Operadores de plantas de rochas ornamentais. l) Operadores de laboratorio. m) Operadores de mantemento mecánico e/ou eléctrico.

## 5.5 Postos comúns.

a) Dirección.

b) Técnicos titulados que non participan no proceso produtivo. c) Persoal sanitario. d) Administración e persoal de servizos distintos aos de mantemento. e) Varios.

### **ESPECIFICACIÓN TÉCNICA 2004-1-10:**

Formación preventiva para o desempeño dos postos de traballo encadrados nos grupos 5.4 (**ESTABLECEMENTOS DE BENEFICIO**) letras a), b), c), d), e), f), g), h), j), k), l), m), e 5.5 (**POSTOS COMUNES**) letras a), b) e d) do apartado 5 da Instrución Técnica Complementaria 02.1.02 «Formación preventiva para o desempeño do posto de traballo», do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

A **frecuencia máxima** obrigatoria coa que o traballador recibirá os cursos de formación con carácter de reciclaxe ou actualización de coñecementos, que se adecuarán, segundo o posto de traballo, a un mínimo de cinco horas lectivas, segundo o establecido na presente especificación técnica, será de:

- 4 anos para os postos de traballo pertencentes aos grupos 5.4 (ESTABLECEMENTOS DE BENEFICIO) letras a) Técnicos titulados, b) Encargados e/ou vixilantes, g) Operadores de fornos, l) Operadores de laboratorio, e 5.5 (POSTOS COMÚNS) letras a) Dirección, b) Técnicos titulados que non participan no proceso produtivo e d) Administración e persoal de servizos distintos aos de mantemento.

- 2 anos para os postos de traballo pertencentes ao grupo 5.4 (ESTABLECEMENTOS DE BENEFICIO) letras c) Operadores de trituración/clasificación, d) Operadores de moenda, e) Operadores de estrío, f) Operadores de separación e concentración, h) Operadores de mesturas, j) Operadores de plantas de materiais para a construción, k) Operadores de plantas de rochas ornamentais, e m) Operadores de mantemento mecánico e/ou eléctrico.

### **ESPECIFICACIÓN TÉCNICA 2003-1-10:**

Formación preventiva para o desempeño dos postos de traballo encadrados nos grupos 5.1 (**INVESTIGACION**) letras a), b),c) e 5.2 (**ACTIVIDADES DE EXTERIOR**) letras a), b), d), f) e h) da Instrución Técnica Complementaria 02.1.02 «Formación preventiva para o desempeño do posto de traballo», do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

A **frecuencia máxima** obrigatoria coa que o traballador recibirá os cursos de formación con carácter de reciclaxe ou actualización de coñecementos, que se adecuarán, segundo o posto de traballo, a un mínimo de cinco horas lectivas, segundo o establecido na presente especificación técnica, será de:

- 4 anos para os postos de traballo pertencentes ao grupos 5.2 (ACTIVIDADES DE EXTERIOR) letras a) Técnicos titulados, b) Encargados e/ou vixilantes e f) Operadores de sondaxes de auga e/ou investigación e 5.1 (INVESTIGACION) letras a) Técnicos titulados, b) Operadores de xeofísica e c) Operadores de xeoquímica.

- 2 anos para os postos de traballo pertencentes ao grupo 5.2 (ACTIVIDADES DE EXTERIOR) letras d) Perforación/corte/voadura e h) Operadores de mantemento mecánico e/ou eléctrico.

### **ESPECIFICACIÓN TÉCNICA 2002-1-8:**

Formación preventiva para o desempeño do posto de **operador de maquinaria de arranque/carga/vías en actividades de exterior**. A **frecuencia máxima** obrigatoria coa que o traballador recibirá os cursos de formación segundo o establecido na presente Especificación Técnica, será de 2 anos.

Formación preventiva para o desempeño do posto de **operador de maquinaria de transporte en actividades de**. A **frecuencia máxima** obrigatoria coa que o traballador recibirá os cursos de formación segundo o establecido na presente especificación técnica, será de dous anos.

## REFERENCIAS

---



1. Art. 10 do [REAL DECRETO 39/1997](#), do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención: «A organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas realizarase polo empresario conforme a alghna das modalidades seguintes:
  - a) Asumindo persoalmente tal actividade.
  - b) Designando un ou varios traballadores para levala a cabo.
  - c) Constituindo un servizo de prevención propio.
  - d) Recorrendo a un servizo de prevención alleo».
2. Segundo a [Encuesta Nacional de Gestión de la Seguridad y Salud de las Empresas 2009 \(ENGE 2009\)](#), o 73 % das empresas optou por un servizo de prevención alleo para que se ocupe da súa seguridade e saúde no traballo, fundamentalmente como única modalidade de organización preventiva adoptada (58,3 %), aínda que tamén xunto con outras modalidades (14,5 %).
3. O INSHT (Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo) elaborou unhas «Bases» para a análise da actuación dos servizos de prevención alleos, que poden consultarse na súa páxina web, ou neste enlace a [documentación anexa](#).
4. [Lei 31/1995](#) do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais modificada pola Lei 54/2003 do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.
5. Unha lista de SPA acreditados, co seu enderezo, teléfono, ámbito xeográfico de actuación e especialidades preventivas nas que pode operar (seguridade, hixiene, ergonomía-psicosocioloxía e vixilancia da saúde), pódese encontrar no enderezo de internet seguinte: <http://explotacion.mtin.gob.es/serpa/>.
6. Informes técnicos: avaliación de riscos, plan de emerxencia, investigacións de accidentes, inspeccións de seguridade, estudos ergonómicos, medicións hixiénicas etc. Documentación adicional: follas de visita dos técnicos, programas anuais de actividades preventivas, memoria anual do SPA (estes dous últimos son obrigatorios) etc.
7. Segundo a [I.T.C. 101/2006](#), punto 2.2.1, nas actividades suxeitas á presentación do Plan de labores, o DSS e as súas modificacións debe entregarse como documento separado, pero co dito plan de labores, e según estrutura dictada no artigo 3.
8. Referímonos a cualificación específica en prevención como a de técnico de nivel intermedio en prevención de riscos laborais ou técnico de nivel superior e nese caso en que especialidades preventivas (seguridade, hixiene, ergonomía-psicosocioloxía ou vixilancia da saúde).
9. Segundo o art. 20.2 do [Real decreto 39/97](#), as entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deberán facilitar as empresas para as que actúen como tal, a memoria e a programación anual co fin de que poida ser coñecida polo Comité de Seguridade e Saúde.
10. Segundo o establecido no art. 33.1.b e 33.2 [LPRL](#).
11. Contido mínimo segundo o [art. 20.1 do Real decreto 39/97](#) (Regulamento dos servizos de prevención), na súa redacción dada polo [Real decreto 337/2010](#).
12. Os concertos entre empresas e servizos de prevención alleos vixentes á entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse ao disposto no artigo [20.1 del Real decreto 39/1997](#), do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención antes do 1 de setembro de 2010.

13. O artigo 31.3 da [Lei 31/1995](#) refírese ás funcións de asesoramento e apoio que pode asumir un SPA: o deseño, implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa; a avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e a saúde dos traballadores; a planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e a vixilancia da súa eficacia; a información e formación dos traballadores, a prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia; a vixilancia da saúde dos traballadores en relación cos riscos derivados do traballo.

14. Normalmente por aumento ou diminución nunha determinada porcentaxe do equipo ao inicio da anualidade.

15. Segundo [I.T.C. 2.0.02](#)

16. Segundo o art. 10, punto 3 do [Real decreto 39/97](#), polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, a actividade preventiva deberá planificarse para un período determinado, establecendo as fases e prioridades do seu desenvolvemento en función da magnitude dos riscos e do número de traballadores expostos a estes, así como o seu seguimento e control periódico. No caso de que o período en que se desenvolva a actividade preventiva sexa superior a un ano, deberá establecerse un programa anual de actividades.

17. Hai que diferenciar o «Sistema de Xestión da Prevención de Riscos Laborais», co que se alude a unha norma estándar (OSHAS etc.) pola que a empresa se rexe para xestionar a seguridade e a saúde laboral, do «Plan de prevención de riscos laborais» mediante o que a empresa só diseña un sistema de prevención tendo en conta exclusivamente a Lei de prevención de riscos laborais (onde o SPA debe asesorar no deseño, na implantación e na aplicación deste).

18. Segundo art. [23 LPRL](#), se trata do plan de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos, planificación da actividade preventiva, incluídas as medidas de protección e de prevención a adoptar e, no seu caso, material de protección que deba utilizarse, práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores e conclusións obtidas destes (certificacións de aptitude médica) e relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

19. No caso da especialidade de medicina do traballo, a vixilancia da saúde é unha das vertentes da especialidade que intenta evitar ou diminuír os efectos derivados das condicións de traballo inadecuadas. Para a observación das condicións de traballo e de saúde dos traballadores, utilízase a recollida e análise dos datos sobre os factores de riscos e saúde.

20. Segundo o pto. 1, art. [22 LPRL](#), o empresario garantiralles aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo. Esta vixilancia só poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento. Deste carácter voluntario só se exceptuarán, logo de informe dos representantes dos traballadores, os supostos nos que a realización dos recoñecementos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores ou para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para este, para os demais traballadores ou para outras persoas relacionadas coa empresa ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade.

21. Punto 2.º do anexo II da [Orde TIN/2504/2010](#). Adicionalmente os SPA «deben dispoñer no seu sistema de xestión dun procedemento ou sistema que garanta a calibración do equipo, a retirada de servizo de equipos non calibrados ou fóra de calibración e os criterios de aceptación e/ou rexeitamento dos equipos sometidos a calibración. Deberá "tamén" dispoñer «dun plan de mantemento dos equipos».
22. Poden ser tomas de datos para un informe determinado (mencionando en tal caso o tipo de traballo), medicións, comprobacións, reunións ou conversacións (indicando as persoas entrevistadas e o motivo), inspeccións de seguridade, observacións de execución de tarefas, información ou formación de traballadores etc.
23. Segundo o art. 20.c) do [Real decreto 39/1997](#) modificado polo [Real decreto 337/2010](#), en referencia ás actuacións concretas recollidas no concerto «As ditas actuacións serán desenvolvidas de acordo coa planificación da actividade preventiva e a programación anual propostas polo servizo e aprobadas pola empresa.»
24. Incorporamos a xeito de exemplos as actuacións que poderían ser contratadas co SPA, especificando as diferentes disciplinas preventivas, que en ningún modo deben ser consideradas como únicas. Pretenden ilustrar que deben ser especificadas as actuacións a realizar.

## Agradecementos

---

Este Manual non se faría realidade sen a colaboración de:

- .- Consellería de Traballo e Benestar, na súa Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, Servizo de seguridade e Saúde Laboral,
- .- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, tanto na súa Presidencia e Dirección, así como nos técnicos que colaboraron,
- .- Secretaría Xeral de Política Lingüística, no asesoramento lingüístico,
- .- Instituto Nacional da Silicose,
- .- Técnicos de Prevención e Facultativos das empresas asociadas a Asociación Galega de Áridos.